

ACTA Nº 2/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 19 de xuño de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios

Secretaría Xeral da Presidencia: Carlos Jacobo Landrove Díaz

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga

C. de Economía e Facenda: M^a Dolores Rodríguez Amaya e Carlos Carid Fernández.

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras.

C. Medio Rural: Eleutino Alvarez Alvarez

C. Cultura e Deporte : Miguel Angel Ares Casal

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Jorge Antonio Santiso Blanco e Lourdes Batán Aira.

C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.

C. Vivenda e Solo: Jorge Picouto Delgado

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CC.OO: Pedro Méndez Gil e Oscar Briones Gamarra

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Bahamonde e Carmen Noya Castro

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto primeiro: Lectura e aprobación das acta núm. 1/2007 correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Proposta e modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Punto terceiro: Borrador para o seu estudo do Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia sobre a mobilidade interadministrativa.

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

Aberta a sesión, como cuestión previa, a organización sindical CIG comunica que se retira de calquera mesa de negociación oficial coa Administración da Xunta de Galicia, mentras non sexa

recibida polo Presidente e o Vicepresidente da Xuntas, ao estar imputados cinco membros da súa organización sindical (como anexo da acta engádese o escrito presentado).

Punto primeiro: Lectura e aprobación das acta núm. 1/2007 correspondente á sesión anterior.

Foi lida a acta nº 1/2007, sendo aprobada coa seguinte observación da representación da organización sindical CSI-CSIF.:

Na páxina 4, no segundo parágrafo da súa intervención, onde di que: “se outorgue máis puntuación no apartado de antigüidade, e que se valore por meses e non por anos”, debe decir que : “non se tope a antigüidade en trinta anos e que se valore por meses e non por anos”.

Punto segundo: Proposta e modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Toma a palabra o Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, indicando que a proposta de RPT que se trae á Mesa Sectorial supón unha modificación puntual da RPT vixente publicada no DOG do 24 de decembro de 2002.

Da a palabra á Subdirectora xeral de persoal Lourdes Batán, que sinala que a proposta foi analizada previamente nunha reunión celebrada coas organizacións sindicais o 4 de maio, e supón basicamente a plasmación da estrutura orgánica da Consellería, facendo un resumo da documentación que se aporta á mesa sectorial.

O Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en relación co posto de Subdirector/a Xeral de Planificación, Estudos e Informes, manifesta a necesidade de manter aberto este posto a persoal docente (clave A17), debido ao perfil multifuncional do posto, que participa de funcións que non son específicas de ningún dos corpos que conforman a función pública autonómica, entre elas funcións de análise, estudo e planificación.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Manifestan a súa conformidade con que a D.X. da Función Pública restrinxira a apertura a persoal docente do posto de Subdirector/a Xeral de Planificación, Estudos e Informes, alegando que o seu perfil carece de aptitude pedagóxica.
- Consideran que non se tiveron en conta as alegacións que remitiron á Consellería de Medio Ambiente a principios do mes de maio, resultando excesivo o número de postos abertos a outras Administracións Públicas, e que se deben detallar nos postos abertos á Administración especial, a qué corpos e escalas se abren.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Non están de acordo con que se abra a persoal docente o posto de Subdirector/a Xeral de Planificación, Estudos e Informes, e que os postos dos directores/as de parques naturias sexan de libre designación e non de concurso.
- Respecto á esixencia do diploma de directivo, solicitan que se adopte un criterio unánime, e que se esixa para todos os postos de subdirector/a ou ben que se suprima.

*Toma a palabra o Presidente da Mesa Sectorial:

- En relación coa apertura a persoal docente do posto de Subdirector/a Xeral de Planificación, Estudos e Informes, manifesta que si se presenta un informe motivando esta necesidade estudarase cara á próxima Comisión de Persoal nun contexto máis amplo.

Punto terceiro: Borrador para o seu estudo do Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia sobre a mobilidade interadministrativa.

Con respecto a este documento o Presidente da Mesa Sectorial manifesta que lle consta que organizacións sindicais presentes nesta mesa estiveron negociando un documento similar no Parlamento de Galicia, e preténdese coñecer a opinión das organizacións sindicais presentes

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Están de acordo coa mobilidade entre Administracións Públicas, e manifestan con referencia aos postos de libre designación que se limite a un 5% a porcentaxe de postos abertos a outras Administracións, igual que os postos de concurso.

- Que o convenio se asine despois de aprobación da lei de modificación da lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, na que está previsto que os funcionarios procedentes doutras Administracións non se integren.

- Manifestan que na exposición de motivos do convenio falase do artigo 17 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, que está derogado polo Estatuto Básico do Empregado Público.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

Piden a retirada momentánea do convenio xa que non houbo ningunha reunión previa, nin tomou parte nas negociacións no Parlamento.

* Por parte dos representantes da Administración non se manifesta nada ao respecto.

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

A representación da organización sindical CCOO pregunta sobre o concurso das escalas de consumo.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as catorce horas do día da data.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García